



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio
DECANOS/DIRECTORES
Fernández Prieto, Marta
Gómez Fraiz, Santiago
Pillado González, Esther
Reboreda Morillo, Susana
Roca Pardiñas, Javier
Rodríguez Martínez, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

PDI-A

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
Bueno Alonso, Jorge Luis
Collazo Fernández, Antonio
Castro Cerceda M^a Luisa
García-Pintos Escuder Adela
Llamas Nistal Martín
Pérez Cota Manuel
Pino García, Antonio
Pou Saracho Juan María
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena
Vaquero Díaz M^a Beatriz

PDI-B

González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES

Díaz Casaleiro, Tomás
Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela
Louzao Carreira, Alexandre
Moldes Pita, Óscar
Rivera González, Paula
Rodríguez Varela, Diego
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

PAS

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Cuiñas Gómez, Íñigo
García Señorán, Mar
González Jorge, Higinio
Tellado González, Fernando
Vallejo Pousada, Rafael

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de marzo de 2017, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **20 de marzo de 2017** ás 10:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente ás sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2017.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG para o curso 2017-2018.
4. Aprobación, se procede, das declaracións de interese e do procedemento para a elaboración e aprobación das memorias de novos títulos de grao e máster.
5. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de grao e máster para o curso 2017/18.
6. Aprobación, se procede, do límite de prazas de grao e máster para o curso 2017/18.
7. Proposta de nomeamento, se procede, de membros das comisións avaliadoras do programa DOCENTIA.
8. Aprobación, se procede, das normas básicas de POD.
9. Aprobación, se procede, do programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia.
10. Aprobación, se procede, da proposta de extinción da titulación propia Estudos Superiores en Deseño Tíxtil e Moda (ESDEMGA) da Universidade de Vigo.
11. Aprobación, se procede, da solicitude de cambio de área do profesor Javier de Agustín Guijarro.
12. Aprobación, se procede, do calendario académico do curso 2017/2018.
13. Aprobación, se procede, da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2017.
14. Aprobación, se procede, da participación na empresa CAT&D como EBT da Universidade de Vigo.

15. Aprobación, se procede, da constitución da agrupación INEX (Industria e Enerxía) como agrupación estratéxica de investigación da Universidade de Vigo.
16. Aprobación, se procede, da actualización da relación de agrupacións estratéxicas, centros singulares de investigación e centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo.
17. Aprobación, se procede, dos prezos mensuais no complexo residencial As Burgas (Ourense) para o curso 2016-2017.
18. Aprobación, se procede, do Regulamento da Biblioteca Universitaria.
19. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da “Escola de Negocios Afundación” pola de “Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE)”.
20. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: *Co-operation framework agreement between the Universidade de Vigo and Arab Academy for Sciences, Technology and Maritime Transport – Specific agreement between the Universidade de Vigo (Spain) & Arab Academy for Sciences, Technology and Maritime Transport (Egypt) for students exchange (Undergraduate, Master, Phd)* – Convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, a Universidade de Vigo e a Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea, para a participación de España na infraestrutura europea EMBRC-ERIC, dedicada á investigación dos recursos biolóxicos mariños – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Champagnat* – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña e Vigo para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica de la Santísima Concepción* para o intercambio de estudantes.
21. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes: 2 PDI.
22. Elección de representantes na Comisión de Investigación: 1 Estudiante.
23. Rogos e preguntas.

Antes do comezo da sesión, o reitor da lectura aos nomes dos membros do consello de goberno que xustifican a súa ausencia da sesión e que figura ao marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente ás sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2017.

Non se presentaron alegacións e ao non haber comentarios polos membros presentes, apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

- a. Comeza o reitor salientando o feito de que por primeira vez na súa historia a Universidade de Vigo actuara como anfitrión dunha xuntanza da macrorrexión de Rexións do Sudoeste de Europa (RESOE), na que se produciu a adhesión da comunidade autónoma de Cantabria

e se reuniron seis presidentes das comunidades autonómicas que a constitúen. Esta presenza ten especial relevancia para o mundo universitario, engade o reitor, xa que prestixia ás 22 universidades que constitúen a conferencia de reitores, CRUSOE desta macrorrexión e permite incorporar compromisos relevantes para o futuro das universidades, como a inclusión das propostas da CRUSOE na próxima cimeira Ibérica entre España e Portugal e a ampliación do programa de mobilidade transfronteiriza Iacobus, da rexión Galicia- Norte de Portugal a toda a macrorrexión.

- b. Destaca o reitor a importancia de que se acordara que a CRUSOE realice un estudio dos RIS3 existentes en cada unha das seis rexións que permita o establecemento dun programa de cooperación macrorrexional, que poida ser negociado coa DG Region de Comunidade europea e que permita axuntar as capacidades desta gran área para a resolución dos problemas comúns de estas zonas. Este programa, que sigue a senda do RIS interfronteirizo Galicia- Norte de Portugal que deu lugar a convocatorias como as POCTEP, marcará o camiño a seguir por esta gran rexión cara á programación europea despois do ano 2020. Subliña a transcendencia desta reunión, máis alá da visualización que a reunión de presidentes supuxo, xa que se abre a posibilidade de que o mundo universitario poida orientaras políticas que deberán seguir os gobernos no futuro, xerando iniciativas e abrindo unha ventá de oportunidades.
- c. No segundo punto do seu informe, o reitor salienta outro fito histórico para a universidade e a cultura galega que supón a chegada do pergamiño Vindel á cidade. Subliña que por primeira vez Morgan Library accede a súa cesión para unha exposición, grazas a un traballo de case dous anos realizado pola universidade, dirixido pola vicerreitora de estudantes e o vicerreitor de extensión universitaria e relacións internacionais. Explica que a exposición terá lugar no Museo do Mar durante varios meses e que entorno a esta exposición organizarase un gran número de actividades e eventos de carácter diverso, científico e cultural que constituirán unha reivindicación da nosa cultura. Para o cal, prosigue, se abrirán as portas a todas as institucións e entidades que queiran colaborar, liña na que se está xa a traballar.
- d. Continúa dando conta da sinatura coa Consellería de Educación e Ordenación universitaria e as Universidades galegas do acordo que define os principios da planificación da oferta académica universitaria no SUG ata o curso 2020-2021, que se levará a cabo esa tarde. Explica que este acordo na busca do enriquecemento do mapa de titulacións ofertado en Galicia segue as liñas xa explicadas no anterior Consello de Goberno, e que foi detallada aos decanos cara as propostas de novos títulos, cuxas expresións de interese se someterán a aprobación nesta sesión, seguindo estes principios reitores. Enuncia a continuación os principios básicos da ordenación universitaria a planificación conxunta da oferta do Sistema Universitario de Galicia (SUG) comezando polo compromiso do mantemento do tamaño deste sistema, que obedece á evolución demográfica e a demanda social, que fai necesario que a solicitude dun novo título requirirá a desaparición de outro ou a redución de prazas nun número equivalente no centro que realiza a oferta ou, se o título é interfacultativo, unha redución equivalente nos centros que participan no novo título.

Establécense os requisitos para formular novos títulos de grao e máster, que deben dirixirse a modernización da oferta formativa, ofertando novos perfís profesionais e deben encaixar nas liñas de especialización dos campus. Neste sentido, o acordo recolle do Campus do Mar, Campus Vigo-Tecnolóxico, Campus CREA 2si e Campus Auga como liñas de

especialización da Universidade de Vigo. Prosegue indicando que se definen tamén os títulos singulares de grao, e as posibilidades de graos interuniversitarios que se porán en marcha no caso de que os informes externos o aconsellen, pero co necesario acordo entre as universidades implicadas. Considera o reitor que os títulos de grao interuniversitarios serán moi excepcionais dadas as dificultades para a súa implantación dende o punto de vista académico. Continúa explicando que aqueles títulos que non teñan problema de demanda pero que estean duplicados no SUG, deberá realizarse un intento de orientación cara as especializacións de cada campus.

En relación cos másters, ábrese a posibilidade de permanencia de aqueles que non cumpran o criterio de número mínimo de alumnos pero se xustifique polo encaixe nas liñas estratéxicas de especialización do campus.

Finaliza o reitor indicando que o acordo que se asina establece principios moi xenéricos polo que haberá que estar atentos á súa concreción nas directivas que o desenvolvan.

- e. Continúa o seu informe dando conta da creación da Agrupación estratéxica de industria e Enerxía INEX, que se somete á súa aprobación na sesión de hoxe e que constitúe a peza fundamental que faltaba para a constitución do Vigo Tecnolóxico, campus de especialización que xurdiu pola agregación das realidades existentes no campus. Anuncia que se procederá a un cambio na delegación de competencias onde ademais das vicerreitorías transversais se recollerán as competencias dos comisionados dos catro campus de especialización: no caso dos Campus CREA 2si e Campus Auga Campus do Mar, as competencias de dirección simultanéanse coas derivadas da xestión dos Campus xeográficos de Pontevedra e Ourense, mentres que os Campus do Mar e Vigo-Tecnolóxico estarán dirixidos polos correspondentes comisionados ou comisionadas, e estarán configurados a través dunha delegación de competencias específica, facendo visible a súa estrutura. Engade que isto, xunto coa actualización dos centros singulares acreditados pola Xunta de Galicia que se presenta noutro punto da orde do día, permite o ordenamento derivado das agrupacións estratéxicas.

Aclara que non se crean cargos novos, senón que se realiza un cambio de asignación de competencias, recoñecendo na estrutura organizativa a aquelas figuras que ata agora só tiñan definidas atribucións funcionais.

Engade a continuación que, ante estes cambios e diante a lenta recuperación que debe levar a cabo o anterior comisionado, profesor José Antonio Vilán, tras comentalo con el, acordouse o seu relevo polo que anuncia o nomeamento de dona Edita de Lorenzo como nova comisionada para o Vigo-Tecnolóxico.

Pola súa banda, o Campus do Mar proseguirá dirixido polo comisionado D. Emilio Fernández, constituíndo unha estrutura propia dentro da Universidade que coordinará os centros singulares e agrupacións estratéxicas vencellados a este ámbito de especialización. Engade que o Campus do Mar é un proxecto de éxito que en cinco anos permitiu a consolidación do selo de Campus de Excelencia internacional, cun proxecto claro de futuro e que con esta reestruturación se dota dun sistema que permite a súa duración no tempo. Na medida que creza e precise novas estruturas, buscarase os medios e as situacións precisas para elas. Indica que non desexa abondar neste tema que xa foi tratado ao longo deste anos de maneira clara e que implican as instalacións previstas na ETEA.

- f. Prosegue o reitor dando conta da celebración a principios deste mes do II Cumio entre as Universidades de Vigo e Oporto, xuntanza na que se deseñaron estratexias para fortalecer as alianzas xa establecidas en materias de emprendemento, creación e consolidación de emprego e investigación e mobilidade internacional. Lembra que dende o primeiro cumio, que tivo lugar no 2015, ambas universidades desenvolveron proxectos conxuntos nos que se acadaron máis de dez millóns de euros de investimento en Galicia e no norte de Portugal. Engade que neste momento hai proxectos solicitados por valor de doce millóns de euros, o que pon de manifesto unha actividade continuada e unha relación frutífera entre ambas universidades.

A raíz deste novo cumio se definiron novas liñas de colaboración directa cos campus da Auga (na liña de hidráulica) e o Campus CREA (liña de medio ambiente, sostibilidade e na utilización da madeira)

- g. Informa tamén de que o pasado xoves celebrouse a entrega dos premios da sexta edición da convocatoria INCUVI-Emprende, na que se premiaron 12 iniciativas emprendedoras escollidas entre 23 finalistas: seis do campus de Vigo, catro de Ourense e dúas de Pontevedra, ademais de dous accésits, un en Vigo e outro en Pontevedra. Destaca que nesta convocatoria, por primeira vez, presentáronse proxectos de todos os eidos do coñecemento e acadouse case a paridade no número de mulleres e homes entre as persoas impulsoras de proxectos e as iniciativas gañadoras. Déronse a coñecer as dúas iniciativas gañadoras dos premios Incuvi-Avanza: Brigantia e beLeader, outorgándose tamén un accésit para MycoGalicia, como unha das mellores iniciativas.
- h. Continúa informando de que a próxima semana, celebrarase a II edición da Finde.U Virtual, coa participación de máis de cen empresas de toda Europa. Organizada polas universidades de Vigo, Porto e Tras Os Montes e Alto Douro, esta edición confía en superar os bos resultados acadados na anterior edición. Explica que nos catro días que da feira, os expositores de toda Europa terán a oportunidade de entrar en contacto virtual con máis de 60.000 estudantes e 110.000 titulados e tituladas das tres universidades organizadoras, aos que hai que engadir os egresados doutras institucións de educación superior de toda Europa que estean a buscar un emprego, unha práctica ou mesmo unha oportunidade de investigación. Ao igual ca o ano pasado, esta feira virtual completárase a finais de ano con dúas feiras presenciais, unha en Oporto e outra en Vigo. Lembra que a primeira edición da feira foi un éxito no que preto de 5000 estudantes das universidades de Vigo, Porto e Tras-Os- Montes e Alto Douro visitaron os stands das máis de 120 empresas e institucións que participaron.
- i. Para finalizar o seu informe o reitor transmite os seus parabéns á Mar García Señorán e ao seu equipo decanal que no pasado mes de febreiro renovaron os seus cargos nas eleccións celebradas na Facultade de Ciencias da Educación do campus de Ourense.

A continuación cede a palabra ao Vicerreitor de Economía e Planificación para que informe da liquidación de contas que debe realizarse este mes.

Lembra o vicerreitor que o real decreto lei 14/2012 de medidas urxentes para a racionalización do gasto público no ámbito educativo establece a obriga para as universidades de presentar perante o Consello Social, antes do 1 de marzo de cada ano, a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio anterior. En cumprimento desta obriga, o día 28 de febreiro presentouse diante da comisión de Economía do Consello Social a liquidación do orzamento do

exercicio 2016, xunto coa carta de avance do informe da empresa que realiza a auditoría. Explica o vicerreitor que esta obriga implica que no caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo o Consello Social estaría obrigado, na primeira sesión que celebre, a reducir o gasto no novo orzamento nunha contía igual ao déficit producido.

No caso da UVigo, prosigue o vicerreitor, o informe de auditoría deixa claro que o remanente de tesourería na liquidación do exercicio 2016 vai ser positivo e que, polo tanto, non haberá que modificar o sobre o orzamento para 2017 que foi aprobado en decembro. Engade que o resultado económico do exercicio 2016 rende un superávit de 3,2 millóns de euros co se retorna á senda de equilibrio positivo que se mantén dende 2011. Lembra que o ano 2015 pechárase o exercicio cun saldo moi lixeiramente negativo, resultado da execución de actividades de fondos finalistas captados en anualidades anteriores (Erasmus Mundus, proxecto Táctica, finalización do Campus do Mar e as obras do CINBIO e CACTI) e, simultaneamente a coincidencia do inicio do novo programa Marco de financiamento europeo, que dificultou a captación de novos recursos no 2015.

No ano 2016 a situación invértese, incrementándose a captación de recursos en convocatorias europeas e a carga de gastos derivados de proxectos anteriores diminuíu notablemente, permitindo a recuperación dos resultados positivos dos últimos anos.

3. Aprobación, se procede, do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG para o curso 2017-2018.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudiantes para a presentación deste punto.

Lembra a vicerreitora que a LOMCE elimina a PAU e prevé a realización dunha proba de avaliación ao finalizar o bacharelato para a obtención do título.

Explica que en relación con este tema mantivéronse moitas negociacións co Ministerio, sen que se lograsen avances no período Wert, e con mellor disposición do actual ministro que aceptou moitas das propostas das universidades. Como consecuencia, no RD do 9 de decembro de 2016 de Medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da LOMCE, adóptanse medidas que afectan a configuración da avaliación final de bacharelato que se celebrará á finais do presente curso 2016-2017. De acordo con este decreto, a superación desta avaliación final non será necesaria para obter o título de bacharelato, e realizarase exclusivamente para o alumnado que queira acceder a estudos universitarios, baixo a denominación de ABAU (Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade), nunha concepción similar ás PAU.

Continúa a vicerreitora indicando que o RD non muda o establecido pola LOMCE, relativo a que son as Universidades as que determinan a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao daqueles estudantes que cumpran cos requisitos de acceso, polo que deberán facer públicos os procedementos que vaian aplicar para a admisión, as datas, os criterios de valoración e a súa ponderación así como as regras para establecer a orde de prelación na adxudicación de prazas.

No caso de Galicia, as tres universidades do SUG, explica a vicerreitora, consensuaron o procedemento de admisión que se somete na sesión de hoxe a aprobación, co fin de garantir o distrito único en Galicia e xa foi aprobado polos CG da USC e UDC.

Detalla a vicerreitora que no apartado I do documento se recollen os criterios de acceso simplemente a título informativo (xa que, neles non interveñen as universidades) pero permiten entender os apartados seguintes.

A vicerreitora de estudantes aclara que os criterios xerais de admisión foron consensuados por todas as universidades do Estado despois de moitas reunións, co fin de garantir o distrito único e a igualdade de oportunidades, de tal xeito que o alumnado que se examine nunha comunidade poda ser admitido en calquera universidade do Estado sen ter que repetir o exame, como prevía a LOMCE. Engade que as diferencias entre os documentos das diferentes CCAA son moi pequenas, e basicamente se concentran na ponderación das materias de opción.

Finaliza a vicerreitora indicando que a aprobación deste documento é necesaria para delegar e centralizar na CIUG o proceso de admisión no SUG.

Subliña o reitor que este documento é o resultado de ano e medio de negociacións nas que se intentou mudar os designios do Ministerio. Acabou conseguíndose, pero cun retraso importante que xerou moita incerteza no ensino secundario neste tempo. Considera que este documento é unha volta ás probas de acceso á universidade que viñan funcionando, pero coa contorna dunha lei que hai que derrogar.

Non hai intervencións. Apróbase por asentimento o documento (**Anexo I**) do acordo das universidades públicas do SUG sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2017-2018.

4. Aprobación, se procede, das declaracións de interese e do procedemento para a elaboración e aprobación das memorias de novos títulos de grao e máster.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen lembra que como se explicou no informe do reitor e se comentou no anterior Consello de Goberno, a Xunta de Galicia vén de abrir a posibilidade de que se podan presentar novos títulos de grao e máster, logo da sinatura do acordo que se vai celebrar hoxe. Explica que, ante as informacións que se recibiran a finais de xaneiro-febreiro, o reitor convocou ás direccións dos centros para facelas partícipes da posibilidade de novos títulos e, a raíz desas conversas, deuse un prazo informal ata o 15 de febreiro para realizar solicitudes de novos títulos. Tratábase de presentar as solicitudes dos títulos que se queren implantar no curso 2018/2019, cuxas memorias hai que empezar a elaborar de xeito inmediato, pero tamén de recoller outras ideas ou propostas non tan consolidadas que poderían comezar posteriormente, a partir de 2019 e que se poderían poñer sobre a mesa na negociación entre as universidades e a Xunta.

As solicitudes presentadas, continúa a vicerreitora, achegadas coa documentación foron debatidas na COAP, e pasa a expoñer en primeiro lugar aquelas propostas que esta comisión informou favorablemente para a súa aprobación, comezando polos títulos propostos para implantar o curso 2018/2019. Estes títulos precisan a aprobación formal do Consello de Goberno da declaración de interese para comezar a traballar, adaptándose ao calendario de modificación de títulos para que no mes de xullo teñan as memorias finalizadas.

Explica a vicerreitora que para o curso 18/19 tan só existe unha petición de novo título de grao, o Grao en Enxeñería Biomédica, que valora como un título interesante que podería completar a oferta de títulos da rama da enxeñaría. Impartiríase na Escola de Enxeñaría Industrial, e o número de prazas que se ofertarían neste título se minorarían nos restantes graos da Escola dun

xeito que aínda non está establecido. En todo caso, xa están colaborando na formulación do plano de estudos a Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións, a Facultade de Bioloxía e Química.

Prosegue a vicerreitora comentando os títulos de máster que foron solicitados para comezar no curso 18/19. A Facultade de Bioloxía solicita participar en dous másteres interuniversitarios: O primeiro, o Máster en Biodiversidade Terrestre e Xestión do Medio Natural é novo no SUG e que participarían as tres universidades. En segundo lugar, o Máster en Metodoloxías Xenómicas e Xenéticas, que se propón dende a USC. A facultade e a COAP entenden que os especialistas en xenética da nosa Universidade non poden quedar fóra deste máster en Galicia.

Dende a Fac. de Ciencias da Educación e do Deporte proponse o Máster Interuniversitario en Especialización, Investigación e Innovación en Educación Infantil e Primaria, saída natural para as persoas egresadas dos títulos de Infantil e Primaria. Subliña que este máster inscríbese nunha liña de traballo que se está a desenvolver entre as universidades e a Consellería para a mellora da formación do profesorado, tanto recentemente egresado como o que xa está incorporado aos centros educativos.

Comenta a vicerreitora que o Máster en Ciberseguridade se propón dende a Escolas de Enxeñaría de Telecomunicacións e Enx. Informática, e participaría tamén o Centro Universitario da Defensa, aínda que non está decidida a fórmula para dita colaboración. De aprobarse hoxe a declaración de interese, sería acordada no seo da propia comisión que elabore o memoria do título, engade a vicerreitora. Este máster, xunto co Máster en Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados (Unmanned Aircraft Systems Engineering), proposto pola Escola de Enxeñaría Aeroespacial, supoñen unha oferta estratéxica en Galicia na que a UVigo debe participar. Engade que é unha oferta que debe concretarse no seo da comisión, podendo variar un pouco o propio nome do título.

Dende a Facultade CC Sociais e da Comunicación propónse o Máster en Social Media Management e Creación de Contidos Dixitais, que se entende inscrito na liña de especialización do Campus de Pontevedra e, finalmente, o Máster en Economía, proposto pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais a partir dunha iniciativa dunha agrupación estratéxica financiada pola Xunta de Galicia, non existindo un máster destas características no SUG.

A continuación, a vicerreitora dá conta das solicitudes que non foron informadas positivamente pola COAP para a súa implantación no 2018/2019. En primeiro lugar, a proposta de máster realizado polo CUD que, ademais de formularse cando o período de solicitude non estaba aberto, pode solaparse con algún dos másteres que temos en funcionamento. E, en segundo lugar, as cinco solicitudes recibidas da Facultade de Filoloxía e Tradución, que se sumaría aos seis mestrados xa existentes na facultade; explica brevemente que foron propostas remitidas sen que a facultade realizara un filtrado previo, motivo polo cal a COAP non emitiu informe favorable.

Para finalizar aclara de novo que a proposta que se presenta ante o CG para os títulos que se iniciarían no curso 2019/2020 é que estes títulos consten na axenda da universidade no futuro, pero que a expresión de interese se retrase ata que estas iniciativas estean totalmente concretadas. Os títulos implicados son: o Grao en Deseño e Creación, proposto por Belas Artes, no que poderían participar outros centros e que engazaría na orientación do Campus CREA; o de Enxeñaría Aeronáutica, máster que outorga atribucións profesionais aos graduados e graduadas en Enxeñaría Aeronáutica e que se propón como interuniversitario; e un máster de Ciencia e

Tecnoloxía do Espazo, que enlazaría coa liña de Espazo do Campus da Auga, no que tamén poderían participar outros centros.

Subliña o reitor que se presentan para a súa aprobación as expresións de interese de títulos 2018/19, pero que se expoñen aquelas iniciativas que, encaixando nas liñas de especialización dos Campus, son importantes para desenvolver no futuro e que xurdiron nas conversas mantidas nos tres campus coas direccións e decanatos dos centros, coa intención de posicionar á nosa Universidade nas negociacións que se desenvolverán e non perder eses ámbitos de interese.

Ábrese unha rolda de intervencións, na que intervén o profesor Antonio Collazo para expoñer que, dado que a Xunta de Centro da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo foi quen formulou a expresión de interese do Máster de Enxeñaría Aeronáutica e que está constituída polos profesores que imparten docencia en materias de primeiro curso, solicita que se lle dea traslado de dita proposta aos departamentos previsiblemente implicados na docencia doutros cursos. Manifesta que non é unha oposición á expresión de interese, só unha petición de información para que todos puideran coñecela.

Responde o reitor que está clara a solicitude, acéptase e será respondida, e explica que, aínda que o título se fornece de profesores e investigadores maioritariamente das Escolas de Enxeñaría Industrial e de Enxeñaría de Minas, era importante realizar a proposta de dito título este ano, xa que corresponde a unha posición estratéxica que é necesario formular para establecer a nosa posición fronte as outras universidades do SUG. Por outra banda, conclúe, a Escola Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo está a promover o máster de acceso á profesión, que é o que corresponde cara ao futuro.

Apróbanse por asentimento as declaracións de interese dos novos títulos de grao e máster (**Anexo II**).

5. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de grao e máster para o curso 2017/18.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, para a presentación do punto. A vicerreitora referíndose á programación docente anual correspondente ás titulacións de grao, e propón tratar por separado a distribución de horas que se asignan a cada centro para a súa organización en cursos e materias, e a adscrición das materias aos departamentos.

Comeza expoñendo a asignación de horas a cada centro, e explica que na táboa resumo fanse constar as horas asignadas segundo a norma, que xa inclúe unha certa tolerancia de acordo cunhas excepcionalidades que intentan dar saída as distintas situacións dos centros, e as horas solicitadas. Dá conta de que as PDAs das facultades de Ciencias, Dereito, Empresariais e Turismo; Educación; Informática; Enxeñaría Aeronáutica, CC. da Educación e do Deporte, CC. Sociais e da Comunicación, Bioloxía, Económicas e Empresariais, EU de Estudos Empresariais, CC Xurídicas e Facultades de CC do Mar, están dentro da marxe do 10% de exceso ; cun exceso superior se encontran a Facultade de Química cun exceso do 12%; a Fac. de Belas Artes, co 11% e a Escola de Telecomunicacións co 27%.

Explica a situación especial deste centro que, ademais da folgura importante do profesorado ten unha situación na que as catro titulacións orixinais que teñen atribucións profesionais con catro normas CIN diferentes están todas acollidas no mesmo grao polo que se produce unha división e

unha especialización moi grande, polo que os grupos non poden ser maiores. Expón tamén hai outros centros que teñen exceso sen ter folgura de profesorado, como as facultades de Historia, Enx. Forestal, Fisioterapia, Filloxía e as Escolas de Enx. de Minas e Enx. Industrial, e explica que coa excepción da EEI as outras teñen normalmente este exceso polo baixo número de alumnos que impide incrementar o tamaño de grupo. O caso da EEI é un caso especial, di a vicerreitora, é un centro moi grande no que se imparten seis títulos de grao que hai que organizar en dúas sedes, que ocasiona unha problemática especial.

Continúa a vicerreitora especificando os centros e titulacións que participaron no plan de internacionalización na modalidade B e os que resolución do plan lles concedía unhas horas a maiores na PDA. Explica a continuación que os graos de Economía e ADE da Facultade de económicas e os Grao de Dereito e o grao de Relacións laborais da F de CC Xurídicas, non se acolleron ao plan de internacionalización, polo que, de acordo coa normativa de PDA estes centros non poden impartir a docencia en inglés, pero aprobaron unha serie de grupos e horas en inglés.

Tras debater este tema, a COAP acordou propoñer a este Consello de Goberno que inste a apertura dunha convocatoria extraordinaria do plan de internacionalización que permita aos centros nesa situación poder participar e impartir esas horas de inglés a PDA; de facerse de xeito rápido, considera a vicerreitora que sería posible. Indica que a universidade interésalle a docencia en inglés pola posibilidade de captar alumnado estranxeiro, pero ten que ser de xeito regulado, cumprindo as condicións recollidas no plano de internacionalización, polo que a proposta da COAP é conveniente e permite solucionar este problema.

Resume o reitor que, de estar de acordo con esta proposta, faríase o encargo á Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais para que realice unha segunda convocatoria.

Concreta a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado que a proposta sería aprobar as horas de PDA que están asignadas sen considerar as horas de inglés destes centros, instar unha convocatoria extraordinaria do plan de internacionalización e, de superar as condicións esixidas no plan, as horas asignadas na resolución do mesmo se sumen á PDA.

Intervén a profesora Esther Pillado para indicar que descoñece se o caso de Económicas é o mesmo que o de CC Xurídicas, xa que de acordo coa resolución de febreiro de 2017 eles están no plan de internacionalización na modalidade C, pero no acordo que consta aquí exclúense os grupos de inglés polo que non lle encaixan as dúas situacións. Indica que o que lles interesa é poder impartir a docencia en inglés, non horas a maiores.

Responde a vicerreitora que na proposta da PDA do centro si figuran horas a maiores, xa que son grupos a maiores, e indica non se poden conceder, como non se concederon a outros centros por non participar no plan. Insiste en que ao abrirse a convocatoria extraordinaria todos os centros estarán en igualdade de condicións.

Pregunta a profesora Pillado González se será para o segundo cuatrimestre. Responde a vicerreitora que de axustarse ben os prazos pode lograrse para o primeiro cuatrimestre. E novamente insiste que non se trata de impartir o inglés que se queira, senón cumprindo as condicións impostas no plan de internacionalización.

A representante de alumnos Bettiana Hidalgo di que os que están presentes do seu sector non aprobaron o plan de internacionalización e amosa a súa sorpresa en que se explicita que só se poderá facer internacionalización en inglés. Insiste en que noutras titulacións existen convenios

con universidades de Brasil ou de Portugal, polo que a internacionalización debe estenderse a outros idiomas necesarios.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado que no plan de internacionalización se recolle que poderá ser calquera lingua diferente do galego ou español, pero só se formularon solicitudes en inglés, polo que só se refire a ese caso.

Intervén o representante de alumnos Diego Rodríguez para expoñer que no grao de enxeñaría de tecnoloxías de telecomunicación reducíronse as horas con respecto ao ano anterior e, aínda que están por enriba do que correspondería, parécelle que son insuficientes. Opina que aumentar o número de alumnos por grupo é un paso atrás, polo que habería que mellorar esa tendencia.

Responde a vicerreitora lembrando que o 27% de exceso nas horas de PDA que ten dita titulación é superior a calquera outra e, aínda que ten unhas peculiaridades que xa expuxo anteriormente, é necesario acadar unha situación na que non se establezan diferencias tan marcadas entre os alumnos dunha titulación e os de outras.

A continuación toma a palabra o profesor Álvarez Villamarín, quen indica que, como membro da COAP e participante nos debates, considera que a proposta que se presenta é un bo acordo. En relación coa proposta de PDA do seu centro, a Fac. de CC. Económicas e Empresariais, explica que a xunta de facultade aprobou unha PDA que non se axustaba aos criterios, porque o profesorado amosou a súa preocupación porque decaese un plan de docencia en inglés que comezara ese curso, habéndose establecido xa un compromiso co alumnado para a súa continuación. Polo tanto, solicita que se axilice ao máximo a nova convocatoria para reducir ao mínimo os prexuízos ocasionados ao estudantado.

Na mesma liña intervén o decano da Fac. de CC. Económicas e Empresariais, Sr. Gómez Fraiz, reiterando que unha nova convocatoria do plano de internacionalización é unha boa solución para unha situación na que houbo algún malentendido. Insiste en que a proposta que se fixo chegar dende o decanato pretendía poñer de manifesto que a facultade ten un peso importante no contexto de chegada de alumnos estranxeiros á universidade, e que era preciso encontrar unha saída para dita situación, polo tanto alégrase da proposta formulada pola COAP, que considera moi acertada.

Tras as intervencións, apróbase, por asentimento, a distribución de horas de PDA aos centros xunto coa proposta de convocatoria extraordinaria do Plano de internacionalización

Continúa a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado coa presentación da adscrición de materias a áreas, detallando tan só aqueles casos que presentan algún aspecto destacable. Comeza expoñendo o caso de Electrotecnia, materia do grao de Enx. Agraria en torno a que houbera debate en anos anteriores, pero neste caso o centro realiza a asignación á área de Enx. Eléctrica, que a viña solicitando en anos anteriores, polo que se propón respectar dita asignación. En relación coa materia de Química da Escola de Enxeñaría Industrial, ao igual que en anos anteriores proponse manter a adscrición que realiza o centro, pero condicionada a que á área de Enx. Química poida realizar sen contratación a docencia de todos os grupos asignados en 1º curso. En relación coa materia Políticas Sociolaborais, da conta da solicitude da Fac. De CC Xurídicas e do Traballo, na titulación de Relacións Laborais de facer un cambio de adscrición desta materia dende a área de Ciencia Política e Dereito constitucional á de Dereito do Traballo e a Seguridade Social. Aclara que en ambas áreas daría lugar a contratación, e a COAP considerou axeitado respectar a solicitude do centro.

A vicerreitora pasa a comentar o caso da materia “Xeoloxía” cuxa adscrición deixou en suspenso a COAP, xa que dispuña de información contraditoria. Explica que esta materia, correspondente aos graos de enxeñaría de Recursos Mineiros e o Enx. en Enerxía, fora asignada no curso anterior á Área de Xeociencias en lugar da Área de Explotación de Minas, que a impartía con anterioridade. Este ano se comunicou dende o centro que existía un acordo entre ambas áreas para a súa impartición de xeito compartido, pero finalmente non foi así e a Área de Xeociencias solicita a docencia completa. A proposta que se presenta é que se mantéña este cursos a adscriba a este área, que ten folgora docente, como xa se fixo no ano anterior, a pesar de que a COAP non emitiu informe ao respecto.

Finalmente, da conta da proposta de asignación de tres materiais no grao de Enxeñaría Aeroespacial correspondentes ao segundo curso da titulación: “Mecánica Clásica”, “Termodinámica” e “Mecánica de Fluídos” que foron asignadas polo cento á Área de Física Aplicada, pero que reclama o departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos, que inclúe a área de Enx. Aeroespacial. A proposta que realizou a vicerreitoría e que aprobou a COAP é manter a asignación das dúas primeiras materias, pero mudar a de Mecánica de Fluídos á Área do mesmo nome que está no devandito departamento. Explica que, a pesar de que este cambio implica contratación, o criterio académico debe prevalecer dada a identidade entre materia e área.

Ábrese unha rolda de intervencións coa participación do representante sindical, sr. Federico Fernández, que actúa como portavoz do profesor Claudio Cerdeiriña ao non ser aceptada a súa solicitude de participación nesta sesión do Consello de Goberno. Dá lectura ao texto que se achega como **Anexo III** a esta acta e no que se expón os argumentos da Área de Física Aplicada, á que pertence o devandito profesor, para reclamar a materia “Mecánica de Fluídos” da titulación de Enxeñaría Aeroespacial, que inicialmente lle fora asignada por unanimidade da Xunta de Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

Finalizada a lectura do comunicado o Sr. Fernández Fernández manifesta o seu desexo de que no consello de goberno se permita a participación das persoas que se consideren afectadas por un punto da orde do día.

Responde o reitor a esta expresión indicando que non hai unha vontade de coartar a ninguén, senón de respectar o dereito de quen está debidamente lexitimado segundo o criterio que rexe a nosa normativa e cede a palabra a secretaria xeral para que explique o motivo de non conceder a solicitude de intervención.

Explica a secretaria xeral que, de xeito habitual se invita a participar no Consello de Goberno a aquelas persoas que se ven afectadas en algún punto de xeito específico, de xeito persoal, tanto por estar implicados nun recurso, unha denuncia, etc. Cando se trata de puntos que afectan a un colectivo, como un área de coñecemento, un departamento ou unha categoría, os intereses desas persoas deben canalizarse a través dos seus representantes. Lembra que o consello de Goberno é un órgano de representación e sería inviable invitar a todos os profesores que, por exemplo, se sentiran afectados pola PDA. Reitera que esta norma se aplica a todos os solicitantes, sen diferenciación.

Intervén a continuación a profesora Belén Rubio para realizar unha aclaración en relación coa adscrición da materia “Xeoloxía” que neste curso estaba asignada ao seu departamento, Xeociencias. Explica que na COAP non se informou ao respecto desta asignación porque nese momento non se dispoñía do escrito que remitira a dirección do departamento. Dado que ela si o

recibira como membro do mesmo, aclarou na propia COAP a posición do departamento e solicitouse o escrito, e tomouse a decisión consonte ao mesmo.

Toma a palabra o profesor Reigosa Roger, para preguntar se a asignación de Mecánica de Fluídos realizada polo centro se fixo por unanimidade. Formula unha dúbida, non polos argumentos académicos, xa que considera acaída a asignación á área de mecánica de fluídos, senón pola contratación que iso implica.

Intervén o profesor Collazo Fernández para manifestar o seu apoio de que a adscrición de que a adscrición da materia que leva o nome textual da área de coñecemento se realice a dita área. En segundo lugar quere facer un rogo en relación coa normativa de elaboración da PDA. Aclara que os departamentos que non teñen adscrita a docencia dunha materia no curso anterior existe un procedemento polo que poden solicitala, dando traslado ao centro e á vicerreitoría de Organización Académica. A súa solicitude é que cando nun centro se acorda unha proposta de adscrición se comunique aos departamentos interesados o sentido de dita adscrición, e do mesmo xeito, a COAP comunique o seu acordo aos departamento antes de teña lugar o consello de Goberno no que se aproban as adscricións. Indica que se trata dunha deferenca cos departamentos que realizaron a súa solicitude polos procedementos axeitados.

Responde a vicerreitora en relación á materia de Mecánica de Fluídos o acordo da COAP foi unánime. A este respecto lembra que cando se realizou a memoria do título a xunta de titulación realizou unha asignación de materias a departamentos que naquel momento non se podía incluír porque non hai espazo na memoria para facelo. Pero esa vontade pódese ter en conta, xa que nesa comisión había representación de diversas áreas e departamentos, similar a que poderá ter a xunta de Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo no futuro, mentres que nestes momentos é especialmente pequena. Naquela proposta inicial, a asignación das materias “Mecánica Clásica” e “Termodinámica” se fixera á Área de Física Aplicada, mentres que a “Mecánica de Fluídos” se adscribira a Mecánica de fluídos. Para impartir esta docencia requirirase contratación, como no caso doutras materias que non se están debatendo, e nas normas de POD se definirá como se realizarán. Subliña a vicerreitora que sempre se defende unha optimización de recursos mantendo un equilibrio entre a calidade da docencia que se debe impartir, e os recursos necesarios. En relación co procedemento subliña que as veces se pon de manifesto a escasa comunicación entre os distintos actores, o que levou a facer modificacións en dito proceso, polo que pouco a pouco se irán definindo os pasos axeitados, pero tamén todos temos que poñer algo da nosa parte.

Intervén o reitor para subliñar que neste caso dous departamentos reclaman a docencia para impartir tres materias, e que ambos son competentes para facelo. En dous casos se asignou a aquel departamento con maiores recursos humanos pero no caso de Mecánica de Fluídos decidiuse por criterios académicos asignala ao departamento que contén ese área central, atendendo a calidade da docencia dos alumnos. Lembra que trátase dunha enxeñaría polo que debemos achegar o maior número de enxeñeiros especializados nos contidos que se imparten, para garantir a calidade na docencia. Engade que o asentamento da titulación e a impartición dos títulos de posgrao, permitirá absorber de xeito secuencial a capacidade docente que o departamento de Física ten en Ourense.

Apróbase por asentimento a programación docente anual (PDA) de grao para o curso 2017/18 (**Anexo IV**), segundo os informes emitidos pola COAP.

Continúa a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, presentando a PDA dos títulos de máster, indica que na documentación axuntouse unha táboa na que figura a proposta inicial realizada de acordo coa normativa, as alegacións realizadas por algúns mestrados e a proposta que foi aprobada na COAP. Explica que se realizan solicitudes de poucas horas derivadas de axustes de grupos. Destaca que hai dous casos no que o número é maior, que son o máster de Educación secundaria ou o de Enxeñaría Industrial, pero deriva do feito de seren os de maior número de horas e de maior alumnado, polo que os incrementos solicitados non chegan ao 5%. En xeral, a COAP asumiu as solicitudes realizadas neste sentido, pero desestima as realizadas por algúns títulos para dispor de horas adicionais para docencia presencial para os TFM ou para as prácticas. Lembra que esta posibilidade de docencia presencial está contemplada nas normas pero que debe realizarse sempre a partir das horas da propia PDA dos títulos.

Ao non haber intervencións, apróbase por asentimento a PDA de máster para o curso 2017/18, tal como foi informada pola COAP.

6. Aprobación, se procede, do límite de prazas de grao e máster para o curso 2017/18.

Cede o reitor novamente a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen lembra que o límite de prazas que se aprrobe no Consello de Goberno, deberá ser trasladado á Xunta de Galicia antes do día oito de abril para despois ser achegado ao Ministerio de Educación para realizar a presentación da oferta de prazas de todas as universidades do Estado.

Subliña tamén que a norma da Xunta de Galicia non contempla que se poidan facer modificacións importantes con respecto ao número de prazas ofertadas no ano anterior, de xeito que non permite realizar incrementos na oferta, e as reducións máximas son do 5%.

A vicerreitora explica que se produciu unha solicitude de rebaixar ese máximo permitido do 5% no Grao en Comercio, o que non ten relevancia práctica xa que ditas prazas non chegaban a cubrirse. Tamén se solicita a redución de 5 prazas na titulación de Xeografía e Historia e 5 prazas na de Turismo para o programa conxunto de ambos títulos que se abordará noutro punto da orde do día, polo que estará condicionado á dita aprobación.

En canto aos títulos de máster, informa a vicerreitora da solicitude de redución do 5% por parte do máster de Enxeñaría da automoción, máster en Enxeñaría de Minas e o de Xestión e Tecnoloxía de Estruturas e Instalacións. Solicita a aprobación desta proposta, moi similar a do curso pasado.

Intervén dona Bettiana Hidalgo en relación cos másters de Arqueoloxía e o de Química Teórica, que ofertan un número de prazas moi reducido, para preguntar se hai algunha razón para iso.

Responde a vicerreitora que se trata de másteres interuniversitarios no que participan moitas universidades, polo que a oferta de prazas para cada unha é moi reducida, aínda que cumpren o mínimo de 20 prazas entre todas.

Apróbase por asentimento (**Anexo V**).

7. Proposta de nomeamento, se procede, de membros das comisións avaliadoras do programa DOCENTIA.

O reitor dá paso á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para a presentación deste punto. Explica que o programa Docentia se atopa en proceso de avaliación, e contempla o establecemento de catro comisións, unha por ámbito, que avaliarán as solicitudes do profesorado. Ditas comisións estarán constituídas por un presidente, unha serie de vogais académicos e un representante do estudantado. Explica que se realizou unha convocatoria pública para a participación do profesorado de UVigo e a resolución da convocatoria foi a levada á Comisión Académica de Calidade no pasado mes de febreiro. Dado que houbo menos solicitudes que prazas, a comisión decidiu aceptalas todas. No caso do vogal representante do estudantado en cada comisión, solicitouse aos representantes deste sector no Consello de Goberno a súa designación, e a súa proposta foi achegada a Comisión Académica de Calidade. Engade a vicerreitora que ademais dos membros anteriores, propios da UVigo, forma parte das comisións profesorado externo, normalmente externo ao SUG que é seleccionado pola ACSUG, encargada do proceso.

Finaliza indicando que de aprobarse a composición dos membros propios das comisións, tras incorporar os alleos, procederíase a realizar as avaliacións; confía en que o proceso estea completo a finais de xullo. Subliña que é un proceso longo, que debe facerse con todas as garantías.

Tras unha intervención que sinala que está incompleto o nome dun representante do estudantado, apróbase a proposta por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das normas básicas de POD.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado manifesta que o documento que se presenta hoxe é moi similar ao do ano anterior, polo que pasa a presentar os cambios introducidos; comezando polo que se refire ao feito de non dirixirse a un curso concreto, como era habitual. Considera a vicerreitora que, dado que os cambios veñen sendo pequenos e se vai estabilizando a parte fundamental do documento, pode considerarse como de aplicación xeral, sen que iso signifique, engade, que no curso que vén non se podan introducir cambios.

Pasa a detallar as modificacións no contido. Comezando polo apartado 5, no que se modifica a redacción para deixar claro que a colaboración na docencia persoal investigador dos programas de formación predoutoral, que se realiza de xeito voluntaria, debe quedar recollida no POD e que debe existir un profesor responsable das materias que imparta este persoal, a efectos de xestión das mesmas, guías docente, actas etc. Menciona tamén que debe desaparecer a mención ao curso 2016/2017 que se realiza ao final do punto 6, como no resto do documento.

A modificación máis significativo, explica a vicerreitora, recóllese no punto 3 do documento, no que se establecen os criterios para que as áreas podan convocar prazas de axudante ou axudante doutor. Explica que o criterio que se propón é o mesmo: aquelas áreas para as que a carga docente básica exceda á capacidade docente básica en máis de 320 h nun campus, poderán solicitar a convocatoria dunha praza de profesorado axudante doutor para ese campus por cada módulo de 320 h de exceso. Lembra que o ano pasado esta proposta espertou polémica, porque se entendía que era moi restritiva. Non obstante, engade a vicerreitora, demostrouse que non o era, xa que con ese criterio poderían terse convocado unhas 20 prazas de AD, cifra razoable, xa que é unha estabilización a futuro asumible pola UVigo, en función das taxas de reposición. Dado que só se convocaron 5 prazas, das 20 posibles, faise evidente que a estimación é suficiente, mantense o criterio.

A modificación que se inclúe no documento actual é posibilidade de convocatoria dunha praza de profesorado axudante doutor cunha diferenza inferior a 320 h en áreas novas na Universidade de Vigo, sempre que se xustifique a necesidade. Explica que se trata dunha excepcionalidade pensada para cubrir as necesidades das novas titulacións, como Enx. Aeroespacial, nas que poden existir áreas sen profesorado e esta posibilidade de adiantar a contratación de profesorado que permita facer fronte aos títulos con máis garantías.

Finaliza indicando que este documento foi presentado na Mesa de Negociación sindical, contando só co apoio da AGPTU, e foi informado favorablemente pola COAP por unanimidade.

O reitor abre unha rolda de intervencións, que inicia o profesor González Santamaría. Na súa intervención salienta inicialmente a falta de consenso que o documento suscita, e presenta despois varias cuestións. Quéixase de que a docencia en máster figure como recoñecemento, polo que non computa a efectos de docencia na posibilidade de convocatoria de prazas. En relación coas 320 horas de diferenza, lembra que se comentou no seu momento a posibilidade de reducila a 240. Pensa que situar a cifra entre a ambos límites permitiría axustarse á realidade de moitas áreas, xa que facilitaría a saída de prazas coas que se resolverían problemas de déficit de persoal que hai cubrir con asociados ou visitantes. Finaliza amosando o seu desacordo coa organización cuadrimestral que se propugna, porque limita o traballo de profesores a tempo parcial, que no é fixo na universidade, pero está a investigar e forma parte de órganos de representación. Subliña que, economicamente, representa o mesmo un P3 anual que un P6 cuadrimestral ou semestral, polo que non entende que se desvincule a esas persoas da institución.

Intervén a continuación o profesor Díez Ferrer para explicar que as forzas sindicais estiveron en desacordo co documento de POD, porque consideran que debe abordarse a dedicación do profesorado de xeito global, considerando a totalidade das funcións que se realizan, polo que habería que reconsiderar o cálculo do tamaño de grupo e os recoñecementos das actividades que se expuxeron no anterior Consello de Goberno para o cómputo da carga docente.

O profesor Collazo Fernández realiza unha proposta en canto ao apartado de mobilidade, no caso de que existe docencia vacante en máis dun campus. Segundo a normativa, non procedería a percepción das dietas correspondentes aos desprazamentos, nin o computo adicional das horas impartidas. Propón que se excepcionen as titulacións que están en curso de implantación e que, nese caso, se delegue na COAP a posibilidade de aprobar as dietas, xa que nesas condicións habería que cubrir esa docencia mediante profesores asociados nese campus. Na súa opinión, a calidade da docencia fai preciso que se aposte por unha figura máis estable, pero non se reúnen aínda as condicións para solicitar unha praza de profesorado consolidable. Por iso, reitera a solicitude de que se delegue na COAP a consideracións destes casos especiais que implican ás titulacións que se están a implantar.

Responde a vicerreitora ao profesor González Santamaría, explicando que a docencia en máster computa pero non na súa totalidade, debido a que a docencia destes títulos está sometida a unha gran variación na oferta, por dous motivos. Por unha banda, a limitación no número mínimo de alumnos fai que, de non acadar os vinte alumnos, o máster desaparece e pode ser substituído por outro. Por outra banda, a docencia de máster, tal como está organizada na Universidade de Vigo, non está asignada a departamentos e isto engade variabilidade, porque se un profesor deixa de impartir docencia nunha materia, non necesariamente ten que continuar sendo impartida polo mesmo departamento. Nos másteres que dan acceso á profesión, continúa, polo xeral a docencia

está máis vinculada a departamentos e ademais non están sometidos á limitación no número de alumnos, polo que a docencia é máis estable e computa igual que a de grao.

En relación coa organización cuadrimestral, reitera o dito noutras ocasións, cando a docencia dun profesor asociado se estende ao longo do curso, se contrata para todo o curso; se a docencia é para un cuadrimestre, se contrata para ese período. Estendelo a todo o curso non resulta eficaz.

Á cuestión relativa ás baixas, responde a vicerreitora que por suposto sempre se cubre toda a docencia. Cando hai una baixa, pode facerse a través dunha lista de agarda ou como proceda en cada caso, por cuestións de rapidez, xa que en xeral son imprevisibles. Son situacións que non gardan relación con esta norma, na que se trata de prazas consolidables. Finaliza subliñando que, salvo que se faga de xeito voluntario, nunca se pide que un profesor asuma máis docencia que a que lle corresponde.

En resposta ao profesor Bienvenido Diez, di que é certo que o documento non conta co apoio das centrais sindicais, pero que tampouco se amosaron argumentos en contra do mesmo, senón que se alude a normativas anteriores. Comprende a posición, pero reitera que non se manifestou ningunha queixa en relación con esta normativa.

En relación á proposta do profesor Collazo, considera que pode aceptarse a proposta e considera axeitado que pase pola COAP, para que exista un filtro que valore as situacións concretas. Redactarase un parágrafo cunha redacción que recolla os casos de excepcionalidade.

Intervén, novamente, o profesor González Santamaría para engadir que, no tema da baixa, ao final se producen inconvenientes de todo tipo que acaban afectando ao estudantado, polo que considera que a Vicerreitoría debe promover procesos que contemplan a consolidación de prazas tendo en conta a planificación dos cadros de persoal a longo prazo. Responde a vicerreitora que ese proceso se canaliza a través da oferta pública de emprego e o inicio da etapa de consolidación, a convocatoria de axudantes e axudantes doutores se recolle neste documento.

Dado que non existe unha posición unánime, o reitor propón que se realice a votación. A proposta se aproba por: 35 votos a favor, 1 voto en contra e unha abstención. Apróbanse as normas básicas de POD (**Anexo VI**).

9. Aprobación, se procede, do programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia.

O reitor cede de novo a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen presenta a proposta de PCEO en Turismo en o Grao en Xeografía e Historia, que levaba xa un tempo fraguándose no Campus de Ourense. Explica que a ordenación temporal das diferentes materias en cinco cursos e medio permite simultanear ambos estudos, e obter os dous títulos oficiais de Graduado/a en Turismo e Graduada/o en Xeografía e Historia pola Universidade de Vigo, coa obrigatoriedade de facer as prácticas profesionais e o traballo fin de Grao de ambos títulos. Engade a vicerreitora que se achegaron cartas de apoio de diversos colectivos, especialmente de Ourense e a súa contorna, que apoian este programa. Indica a vicerreitora que estando presente as decanas de ambos centros poderán explicar mellor a proposta.

O reitor cede a palabra a dona Susana Reboreda, decana da Facultade de Historia, quen considera que realizan unha oferta de formación competitiva, que non existe no sur de Galicia. A formación abranguería tanto a xestión do turismo como na historia, historia da arte e xeografía,

que son complementarias e se inscriben nun plan estratéxico da Xunta de Galicia. Así mesmo, engade, facilitaría a habilitación de guías turísticos, xa que o temario de dita oposición se centra nas tres liñas: historia, arte e xeografía. Por outra banda, engade, é un momento axeitado para a proposta, dada a posibilidade que ven de abrir a Xunta.

A decana da Facultade de CC. Empresariais e Turismo engade que é unha petición dos alumnos, que levan tempo demandando unha formación para ese perfil de guía turístico, que non xustifica un novo grao pero si o establecemento dun programa conxunto. Opina que xa temos un perfil xestor de turismo que está moi ben situado nas empresas, pero este sería un perfil máis de xestor de patrimonio cultural.

Ao non haber máis intervencións, apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

10. Aprobación, se procede, da proposta de extinción da titulación propia Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda (ESDEMGA) da Universidade de Vigo.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado lembra que o curso pasado se realizara a solicitude dun novo máster universitario de Deseño e Dirección Creativa en Moda, que finalmente non se implantou neste curso porque a directora solicitou que se adiará un ano a súa implantación, ata o 2017/18. Este máster vén substituír o título propio de tres cursos que existe no Campus de Pontevedra, denominado Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda. Para dar cobertura a os alumnos deste título, cómpre establecer un calendario para a extinción do mesmo. Explica que a proposta que se presenta inclúe a extinción curso por curso da docencia e a realización de exames de avaliación durante un curso extra despois de que finalice a impartición da docencia. Finalmente, un curso máis para a presentación do Traballo Fin de Estudos, polo que o prazo límite para a presentación do mesmo establécese ao remate do curso 2020/21.

Ademais, para máis garantía dos estudantes que puideran restar por rematar os estudos, será de aplicación a avaliación por compensación coa mesma normativa e instrucións aplicables ás titulacións oficiais de Grao. Engade a vicerreitora que, desde o servizo de alumnado indicouse que, por se existira algunha dúbida na aplicación da normativa, debería existir unha comisión para resolvelas, e proponse que sexa a COAP. Engade que, con estas previsións non exista ningún problema. Con todo, quere deixar constancia a vicerreitora de que se chegado o momento, no curso 20/21, houbera algún alumno que quedara con algunha materia solta, podería facerse algún tipo de repesca, se ben cos prazos establecidos debería dar tempo para a finalización dos estudos.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da solicitude de cambio de área do profesor Javier de Agustín Guijarro.

Indica o reitor que, ao ser persoa directamente afectada, o profesor de Agustín foi invitado a participar no Consello de Goberno con voz e sen voto.

Cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen lembra que no pasado Consello de Goberno se tratara un recurso presentado polo profesor de Agustín Guijarro pola incorrecta tramitación da súa solicitude de cambio de área, xa que se lle comunicara ao interesado que, revisado o POD da área de procedencia, non procedía a autorización para o

cambio sen que se acordara no Consello de Goberno como, é preceptivo. O Consello de Goberno estimou o recurso e acordou retrotraer o procedemento ata o momento en que a COAP avaliou a solicitude, xa que, segundo a normativa, a COAP debe emitir un informe a favor ou en contra da mesma e presentalo ao Consello de Goberno. É isto é o que se trata neste punto. Indica que xunto coa documentación achegouse o informe da COAP e os dous informes favorables dos dous departamentos afectados: o de procedencia (Dpto. de Tradución e Interpretación) e o de recepción (Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá). Informa tamén de que a COAP analizou a situación das dúas áreas implicadas, xa que a normativa require que o cambio de área non debe producir a necesidade de contratación. Neste caso, habería contratación en ambos casos, explica. Tendo en conta esta circunstancia e que o seu currículo se corresponde có de un profesor de filoloxía francesa, a COAP acordou emitir informe favorable á solicitude de cambio de área do profesor, con efectos para o curso 2017/2018.

Tras a exposición do tema, o profesor de Agustín Guijarro declina intervir, e o reitor abre unha rolda de intervencións. Toma a palabra o Sr. Vázquez-Rey Farto, quen detalla que a COAP decidiu informar favorablemente, porque entendía que cos informes favorables de ambas áreas non se podía limitar o dereito dun profesor por evitar afectar aos posteriores dereitos á promoción que puideran ter outros membros da área de recepción. Polo que, entendendo que o seu dereito á promoción prima sobre os posteriores que puideran existir, cumprindo todos os requisitos emitiron informe favorable ao cambio de área.

Intervén o profesor Bienvenido Diez, comunicando a vontade do profesor Hermes Salceda de intervir neste Consello de Goberno, pero polas regras que rexen neste órgano non o puido facer. Quere trasladar un manifesto dos profesores da área de Filoloxía Francesa, non do departamento, e realiza a reflexión de se un representante de área podería intervir no Consello.

Responde o reitor aclarando que se nun departamento se toma unha decisión que é contraria á vontade dunha das áreas que o forman, o profesorado de dita área debe presentar un recurso contra dita resolución e, nese caso, estaría lexitimado para intervir no Consello de Goberno. A canle de actuación está claramente definida e, en calquera caso, calquera membro da comunidade pode intervir a través dos seus representantes no Consello de Goberno, como nesta ocasión.

O profesor Bienvenido Diez aclara que o profesor Hermes Salceda comunicoulle a súa petición á entrada da sesión, e non actúa como representante sindical, xa que non pasou polo sindicato que representa. Simplemente intervén no nome dos membros da área de Filoloxía Francesa que se ven afectados pola decisión de aceptar o cambio de área do profesor solicitante. Aducen que a área de Filoloxía Francesa é claramente minoritaria e a decisión foi tomada polas outras áreas, de Filoloxía Inglesa e Alemá, afectando claramente á súa. Continúa dicindo que os profesores pensan que esta circunstancia non foi tida en conta pola COAP e pensan que debía ser expresada. Consideran tamén que para a renovación da área houbera seguido mellor continuar cos cadros de persoal que tiñan ata agora e engaden que, ata o de agora, as áreas de filoloxía francesa e de tradución francesa estaban definidas como non afíns entre elas, polo que o cambio de profesorado non parece aducible.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado indicando que coñece a situación da área de Filoloxía Francesa a través do propio profesor Hermes Salceda, e tamén que é consciente de que o cambio de área do profesor de Agustín Guijarro pode afectar a algún destes profesores na súa promoción, pero non por elo se poden limitar os dereitos doutro profesor que formula unha solicitude que reúne todos os requirimentos da normativa para ser concedida.

Intervén o profesor Jorge Bueno como membro do Facultade de Filoloxía e Tradución, do departamento implicado, da área de Filoloxía Inglesa. Quere sinalar que hai uns órganos colexiados e uns procedementos que se seguiron escrupulosamente. Indica que se celebrou un consello de departamento no que se debateu longamente, examinando todos argumentos e razóns académicas e se tomaron as decisións pensando no departamento no seu conxunto. Decidiuse emitir un informe favorable como departamento de acollida. Considera que, existindo o informe favorable da área de partida, informe favorable da COAP e un informe xurídico que sinala os dereitos do solicitante, a actuación é clara. Insiste que o departamento tomou a súa decisión tras analizar todas as circunstancias e aínda que existen opinións contrapostas, seguíronse as canles legais.

O reitor sinala que, diante dos informes que se presentaron, tendo en conta a normativa a decisión non pode ser outra que a tomada pola COAP. O desacordo que se produciu no departamento e que se presentou aquí, non pode ser considerado, xa que non se formulou un recurso que leve a este Consello de Goberno a tratalo previamente. Polo tanto, o equipo de goberno presenta a proposta de que se aprobe o cambio de área solicitado, de acordo cos informes dos departamentos e da COAP.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, do calendario académico do curso 2017/2018.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen indica que a proposta de calendario segue as liñas establecidas nos cursos anteriores, sinalando as datas de inicio e final do curso académico e establecendo os períodos de apertura de actas, para que sexan os centros os que adecúen o calendario ás necesidades concretas das titulacións impartidas. Esta proposta xa foi remitida aos servizos da universidade que teñen relación con matrículas ou cos estudantes, así como a todos os centros para a formulación das alegacións que consideraran oportunas. Ademais de pequenas correccións de erros, a raíz das propostas realizadas polos centros realizáronse os cambios seguintes:

No calendario académico, na *“Relación de Festas Propias dos centros da UVIGO”*, engadiuse o patrón da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. Informa a secretaria xeral de que na sesión de xunta de centro, celebrada o día 10 de marzo, acordouse que o patrón da escola sexa Joaquín Loriga Taboada, sendo a data de celebración o día 23 de setembro.

Comenta a secretaria xeral o Patrón da Facultade de Dereito de Ourense é o día 7 de xaneiro de 2018, que coincide en domingo, dado que a xunta de centro na que acordarán a data á que se trasladará dita festa aínda non se celebrou, solicita que se aprobe o calendario delegando en secretaría xeral a aprobación da data acordada en dita sesión e incluíla no calendario.

Outra pequena modificación con respecto do calendario enviado inicialmente aos centros, se atopa nas datas de apertura de actas. Retrasouse a data de apertura das actas do primeiro cuatrimestre das titulacións de grao ata o 11 de decembro, a solicitude dos servizos informáticos, para non ter que modificalas constantemente, xa que nese período aínda se matriculan estudantes. Engade que, a petición da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións prolongouse o período de apertura de actas de Fin de carreira ata o 6 de novembro, para favorecer que os alumnos que aproban nesa convocatoria poidan defender o TFG nunha convocatoria especial e poidan matricularse no máster.

Finaliza indicando que tamén se achegou o calendario do CUD para a súa aprobación conxunta, comenta que se trata dunha proposta moi pechada, que ven condicionada polos requirimentos militares.

Intervén o profesor Diez Ferrer para indicar que como todos os anos solicitan que se lles envíe o calendario as centrais sindicais, xa que se trata dun calendario laboral e deben ser informados para poder realizar suxestións de mellora.

Pide desculpas a secretaria xeral que neste curso si que se incluían as centrais sindicais na lista de envío do calendario, pero por algún erro final non o recibiron.

Apróbase por asentimento (**Anexo VIII**).

13. Aprobación, se procede, da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2017.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia. Expón a vicerreitora que a convocatoria que se somete a aprobación mantén os principais apartados e conceptos de axuda da convocatoria anterior (axudas a grupos de investigación, axudas para celebración de congresos e exposicións artísticas, axudas á mobilidade e o programa de bolsas de axudas á formación). Fai fincapé a vicerreitora en que este ano se realiza un especial apoio ao persoal en formación, dedicándose a esta categoría aproximadamente un 74% do orzamento total. Tamén destaca que se continúa incidindo no equilibrio entre ámbitos de coñecemento na concesión das axudas, así como a introdución de criterios de priorización que teñen en conta a consideración de xénero, seguindo as directrices do Plan de Igualdade da Universidade de Vigo.

A continuación, a vicerreitora comenta os aspectos que varían con respecto da convocatoria anterior, comezando pola súa adaptación á Lei 39/2015. Explica que, no apartado de mobilidade realizouse unha homoxeneización das contías asignadas para desprazamentos segundo a zona xeográfica nas tres modalidades de axuda. No caso das axudas para estancias de investigación, establécese unha pequena diferenza entre a axuda á manutención en España e Portugal e o resto dos países, comenta a vicerreitora que ambos cambios xorden a raíz da solicitude formulada pola representación do alumnado na comisión de investigación. Prosigue explicando que no apartado de axudas ao persoal investigador predoutoral, nas que a comisión debe conceder un número mínimo de solicitudes por ámbito de coñecemento, especificase na convocatoria que o criterio que se aplicará para a clasificación das persoas solicitantes nos diversos ámbitos de coñecemento, será o programa de doutoramento, polo que no anexo IV da convocatoria se listan os programas de doutoramento polo ámbito de coñecemento que lles corresponden. Nos programas de doutoramento que abarcan varios ámbitos, será a comisión académica do programa a que deberá especificar o ámbito que corresponde a cada solicitude. Subliña a vicerreitora que a relación anterior non inclúe os programas que están na etapa final da avaliación pola ACSUG, que poderían empezar a impartirse no 2017/2018, como os correspondentes ao Campus Auga e Campus CREA, polo que solicita do consello de Goberno a autorización para completar dita relación de oficio, cando sexan aprobados.

Prosigue expoñendo que no apartado de bolsas de formación na ECIMAT engádese unha nova bolsa co perfil de investigación en calidade ambiental mariña e histoloxía e, finalmente, indica que no anexo II no que se especifica o baremo utilizado para a avaliación dos méritos presentados realizáronse varias modificacións encamiñadas a especificar mellor os criterios e harmonizalos cos empregados noutros procesos de avaliación.

Finaliza a vicerreitora indicando que a convocatoria foi aprobada por unanimidade na Comisión de Investigación do 10 de marzo de 2017.

Ao non haber intervencións, apróbase a Convocatoria de axudas á investigación do ano 2017 por asentimento (**Anexo IX**).

14. Aprobación, se procede, da participación na empresa CAT&D como EBT da Universidade de Vigo.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia. Explica a vicerreitora que, no marco da normativa de creación de EBTs na UVigo, sométese a aprobación esta solicitude de participación nesta empresa, creada en febreiro de 2017 que se basea na actividade de investigación do grupo SC4 dirixido polo profesor D. Ramón C. Hermida. Informa de que se presenta como unha empresa de servizos orientados á prevención, diagnose e terapia, da monitorización ambulatoria da presión arterial, realizando tarefas de asesoramento, e servizo de diagnóstico, así como de capacitación e formación continua, deseño experimental de estudos, xestión e análise de datos.

Propónse a participación da Universidade na empresa mediante a subscrición de participacións nun 3% do capital o que supón un desembolso de 150 euros. Segundo o informe da OTRI, é unha iniciativa viable, na que destaca o elevado grao de implicación e de experiencia previa do equipo promotor. Subliña a vicerreitora que se cumpren as condicións estratéxicas e técnicas requiridas pola normativa para autorizar a participación da Universidade na empresa.

Explica a vicerreitora que toda a documentación precisa foi achegada aos membros do Consello de Goberno, aínda que se están ultimando os detalles relativos ao acordo de transferencia e pacto de socios, polo que de ser aprobada dita participación, quedaría condicionada a sinatura efectiva de ditos documentos. Finalmente indica que o Consello Social emitiu a autorización preceptiva previa, e que no caso de ser aprobada a participación da universidade, tería que volver ao Consello Social para a súa aprobación final.

Non hai intervencións en relación con este punto, polo que se aproba por asentimento.

15. Aprobación, se procede, da constitución da agrupación INEX (Industria e Enerxía) como agrupación estratéxica de investigación da Universidade de Vigo.

Cede o reitor a palabra novamente á vicerreitora de Investigación e Transferencia, quen expón que, ao abeiro da normativa de Grupos, Agrupacións e Centros singulares de Investigación da Universidade de Vigo, que establece os requirimentos e o procedemento para a constitución e recoñecemento de agrupacións estratéxicas de investigación, o día 8 de novembro de 2016 presentouse a solicitude de constitución da agrupación INEX, formulada polo profesor Carlos Prado Prado. Como é preceptivo, a solicitude aportaba a memoria da agrupación, que aglutina as capacidades de investigación do ámbito da Enxeñaría Industrial e de Minas, polo que reúne unha masa crítica elevada e alto potencial de desenvolvemento. Comprobado o cumprimento dos requisitos mínimos e informada a comisión de investigación, solicitouse a avaliación da proposta por parte de catro persoas expertas externas á Universidade de Vigo. Explica a vicerreitora que a avaliación foi realizada tendo en conta catro aspectos: 1.- A estrutura e organización da investigación. 2.- Actividade de investigación levada a cabo nos tres anos anteriores, en relación

co número de investigadores e investigadoras. 3.- Estratexia da agrupación, e 4. Potencialidade para satisfacer as necesidades científico- tecnolóxicas da sociedade e do sector produtivo, acadando unha puntuación de 76 puntos sobre 100, e superando amplamente a puntuación mínima requirida pola normativa. Informa a vicerreitora que a Comisión de Investigación na súa sesión do 6 de febreiro de 2017 aprobou por unanimidade emitir informe favorable á constitución da Agrupación e elevar ao CG a solicitude de aprobación definitiva da mesma.

O reitor destaca que debemos felicitarnos por reunir unha cantidade tan elevada de investigadores e investigadoras da nosa universidade nunha agrupación estratéxica como INEX, coa que tras case sete anos de traballo complétase o plan para constituír o Vigo- Tecnolóxico.

Aprobase por asentimento constitución da agrupación INEX (Industria e Enerxía) como agrupación estratéxica de investigación da Universidade de Vigo.

16. Aprobación, se procede, da actualización da relación de agrupacións estratéxicas, centros singulares de investigación e centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo.

Tras subliñar o reitor que este punto garda relación coa anterior constitución da agrupación estratéxica INEX e co recoñecemento por parte da Xunta de Galicia das iniciativas de centros singulares e agrupacións estratéxicas de investigación presentadas pola Universidade de Vigo a diversas convocatorias, cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

Explica a vicerreitora que na Normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación da Universidade de Vigo establécese que as agrupacións estratéxicas que foron aprobadas como tales nas convocatorias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia se considerarán avaliadas favorablemente de oficio para a súa constitución. Do mesmo xeito, no anexo da normativa recollíanse as agrupacións estratéxicas e centros singulares que na data de aprobación da normativa, en xuño de 2012, estaban recoñecidos.

A vicerreitora engade que na Normativa de centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo, aprobada no mesmo ano, defínese o concepto destes centros, a súa estrutura, funcionamento e condicións de creación. Ao igual que no caso anterior, o anexo desta normativa relaciona os centros de apoio á investigación existentes nese momento.

Dende a aprobación destas normativas, continúa, producíronse cambios no mapa de agrupacións estratéxicas, centros singulares e centros de apoio. Así, no 2015 foi aprobada como agrupación estratéxica ECOBAS na correspondente convocatoria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; no 2016, a través da convocatoria correspondente da Xunta de Galicia, acreditáronse como centros singulares os centros Océano ECIMAT e CINBIO. O primeiro provén da unión do centro de apoio á investigación ECIMAT e da agrupación estratéxica Oceanografía - ECIMAT (AEO - ECIMAT) e o segundo supón a confluencia da agrupación de Investigación en Biomedicina (INBIOMED) e o centro de apoio á investigación CINBIO. Explica que en ambos casos os centros singulares actúan como centros de investigación que tamén teñen unha compoñente importante de prestación de servizos.

Estes casos, xunto coa creación da agrupación estratéxica INEX e a necesaria actualización de algunhas denominacións obsoletas, como a da agrupación estratéxica Acio en Enxeñería das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (ACETIC) orixe do centro singular AtlantTIC,

fai necesario actualizar a relación de agrupacións estratéxicas, centros singulares e centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo, segundo se indica no **Anexo X**, tal como foi aprobada por unanimidade na Comisión de Investigación de 10 de marzo de 2017.

Apróbase por asentimento.

17. Aprobación, se procede, dos prezos mensuais no complexo residencial As Burgas (Ourense) para o curso 2016-2017.

Para a presentación deste punto, o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

Expón o vicerreitor que a residencia estivo pechada un certo tempo por problemas urbanísticos co Concello e, unha vez solucionados, compre autorizar as tarifas da mesma. A proposta que presenta cumpren con todos os requisitos e axústanse ao acordo coa concesionaria.

Apróbase por asentimento (**Anexo XI**).

18. Aprobación, se procede, do Regulamento da Biblioteca Universitaria.

O reitor expón que se vai retirar este punto da orde do día, e cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación para explicalo. Explica o vicerreitor que na Comisión de Biblioteca acordouse a creación dun Grupo de Traballo constituído polo persoal das distintas bibliotecas da universidade, para que se encargara da modificación do Regulamento. Dito grupo presentou un borrador de regulamento diante da Comisión que foi aprobado por unanimidade, polo que se pensou en traelo diante do Consello de Goberno para a súa consideración. Non obstante, en conversas con algúns membros do Consello se lle comunicou que non se establecera un período de alegacións axeitado. Indica o vicerreitor que posto que se desexa que o proceso sexa o máis participativo posible, considera máis acaído retirar este punto da orde do día, abrir un prazo de exposición pública, para que toda a comunidade universitaria poida opinar e se poidan recoller as achegas que se realicen. Finalizado dito período volverá a levarse o documento á comisión de Biblioteca e finalmente traerase para a súa aprobación a este Consello de Goberno.

Concluída a explicación do vicerreitor, o reitor confirma a retirada do punto da orde do día.

19. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da “Escola de Negocios Afundación” pola de “Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE)”.

O reitor dálle a palabra á secretaria xeral, quen para dar explicación do que se vai tratar, fai un pequeno resumo dos antecedentes:

Explica que a Escola de Negocios de Caixanova foi adscrita á UVigo no 2009 mediante o Decreto 445/2009, do 23 de decembro, autorizándose a implantación das ensinanzas conducentes ao título de Grao en Administración e Dirección de Empresas. Tras a fusións das caixas galegas xurdiron as entidades Novacaixagalicia e, posteriormente, a Fundación Galicia Obra Social – Afundación. A finais do 2009, Afundación solicitou o cambio de titularidade da Escola de Negocios en favor de Afundación, coa denominación de “*Escola de Negocios Afundación*”; cambio aprobado polo Consello de Goberno o 07/03/15; informado favorablemente polo

Consello Social o 27/03/2015; e autorizado pola Xunta de Galicia mediante o Decreto 93/2015, do 18 de xullo.

Con data 16/02/17, o presidente de Afundación, Miguel Ángel Escotet, solicitou o cambio de denominación da Escola de Negocios Afundación pola de “*Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa –IESIDE*”-; xustificando a solicitude na busca da mellora na súa organización, así como adaptar unha denominación máis acorde coas tendencias do sector.

A secretaria xeral di que a normativa da UVigo non limita esta solicitude e enumera os pasos do procedemento:

1. Na UVigo: aprobación no Consello de Goberno e, a continuación, no Consello Social
2. Aprobación da Xunta de Galicia
3. Publicación no DOG
4. Comunicación á Consellaría de Educación
5. Comunicación ao *Registro de Universidades, Centros y Títulos* (RUCT)

A continuación, o reitor establece unha quenda de intervencións na que solicitan intervir: José Carlos Villamarín, Ernesto Vázquez-Rey e Francisco Javier Reigosa.

O profesor Jose Carlos Villamarín manifesta que votará en contra e solicita ao Consello de Goberno o voto negativo. Explica que non quere explicar os seus argumentos por seren obvios, pero indica que a denominación de “*intercontinental*” sónalle a unha plataforma de lanzamento dunha nova universidade. Polo que manifesta a súa preferencia por manter o nome actual.

O Sr. Ernesto Vázquez-Rey desexa que conste en acta a súa desconformidade co cambio de idioma na denominación, que vai en contra da tradición de empregar denominacións en galego.

O profesor Reigosa Roger súmase ao exposto polo profesor Villamarín. Manifesta que, dende o punto de vista académico non entende o cambio de denominación e, aínda que normativamente non haxa nada impida dito cambio, vai votar en contra.

Explica o reitor que, desafortunadamente, trátase dun asunto no que o equipo de goberno debe asumir o respecto normativo, e se non existen razóns obxectivas que leven a deter a solicitude, non se pode facer. Entende que a denominación é un asunto de estratexia de marca por parte da propietaria da escola.

A continuación, o reitor dá paso á votación. Prodúcese o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 7; abstencións, 10.

Apróbase o cambio de denominación.

20. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: *Co-operation framework agreement between the Universidade de Vigo and Arab Academy for Sciences, Technology and Maritime Transport – Specific agreement between the Universidade de Vigo (Spain) & Arab Academy for Sciences, Technology and Maritime Transport (Egypt) for students exchange (Undergraduate, Master, Phd)* – Convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, a Universidade de Vigo e a Universidade do País Vasco/*Euskal Herriko Unibertsitatea*, para a participación de España na infraestrutura europea EMBRC-ERIC, dedicada á investigación dos recursos biolóxicos mariños – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Champagnat*

– **Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña e Vigo para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica de la Santísima Concepción* para o intercambio de estudantes.**

Apróbanse por asentimento.

21. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 PDI.

Ao non haber candidaturas, segue vacante o posto.

22. Elección de representantes na Comisión de Investigación: 1 Estudante.

Só hai unha candidatura, a de Alexandre Louzao Carreira, polo que non fai falta facer eleccións e o candidato pasa a pertencer á Comisión de Investigación.

23. Rogos e preguntas.

Ábrese unha quenda de intervencións: solicitan intervir Alexandre Louzao, Xan Cebro e Bettiana Marcela Hidalgo.

O representante do estudantado, Alexandre Louzao intervéñ para realizar tres preguntas. A primeira en relación coa falta de regulación da duración e descansos dos exames. Comenta que si estaba recollido nos Estatutos do ano 1993, e comenta un caso producido na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, no que houbo un exame de 5 horas sen descanso; subliña que é excesivo e afirma que a Universidade debería regular esta cuestión. En segundo lugar, formula unha cuestión sobre un problema na E.E.Industrial, na que se esixe acreditar o nivel de inglés, para poder obter a titulación da UVigo. Manifesta que el, como representante, informa aos seus compañeiros de que iso non é posible, pero ao mesmo tempo a documentación do TFG da Escola o esixe. Considera que se nun futuro vaise esixir o nivel de idioma estranxeiro, o que espera que non ocorra, resulta inadmisíble que sexa nun idioma en concreto, así como que se aplique con carácter retroactivo. Por último, garda relación cun asunto que xa comentara o ano pasado nun Consello de Goberno anterior: o caso de que cando o Ministerio denégalle a bolsa a un estudante, a Universidade concédelle un prazo de só 15 días para pagar e, de non facelo, aplícase un recargo do 10%. Pregunta se se fixo algo ao respecto, e de ser así, que se comunique para que o alumnado da UVigo teña coñecemento.

Responde inicialmente o reitor á cuestión relativa á E.E.Industrial, e manifesta que se actuou de xeito rápido, trasladando á dirección do centro unha orde taxativa que, de non cumprila, podería implicar responsabilidades derivadas dun apercibimento por causa grave. Cede a palabra á secretaria xeral para que o detalle.

A secretaria xeral explica que nas conversas mantidas co director da EEI, este comentoulle que ese requisito de acreditación de nivel de inglés foi un acordo tomado pola Comisión Permanente do centro e que foi recollido na normativa interna da Escola. A secretaria trasladoulle que si é posible esixir un nivel de coñecemento de lingua estranxeira para acadar as competencias que se indica, pero debe realizarse unha Memoria do Título para incluír dita esixencia e que, en

calquera caso, poderá aplicarse aos alumnos matriculados a partir dese momento, pero que é inadmisíbel a súa aplicación retroactiva. Engade que o director trasladoulle que o equipo directivo está tratando persoalmente con cada alumno, e que se está a solucionar en todos os casos. Continúa engadindo a secretaria xeral que para resolver estas cuestións é mellor o diálogo antes que o enfrontamento, polo que se optou por actuar deste xeito, tendo o compromiso do Centro de que se ía solucionar, polo que solicita do estudantado que, de haber algún problema o comuniquen.

Alexandre Louzao comenta que coñece casos de compañeiros que non se matricularon no TFG por ese motivo, porque pensaban que non cumprían os requisitos. O reitor reitera que se está a actuar e que se o centro desexa esixir un nivel de idioma estranxeiro, debe modificarse a memoria, non se poden afectar os dereitos do estudantado. Insiste en que deben comunicarse eses casos de posibles casos para, de ser necesario, esixir as responsabilidades que se deriven do incumprimento grave da norma. O reitor comenta que se está a traballar con xenerosidade e lealdade institucional, polo que entende que isto non vai volver a suceder.

En relación á cuestión relativa aos exames, o reitor indica que se está a traballar na elaboración de novas normativas que regularán ese tema, comezando cos novos Estatutos.

Engade a secretaria xeral que os Estatutos de 1993 estaban demasiado pormenorizados e se recollían moitos detalles de procedemento. Na actualidade, enténdese que os Estatutos son normas marco, e así se está a formular a redacción dos actuais, posteriormente os detalles desenvolveranse en regulamentos e normativas posteriores. Estima que o Regulamento de avaliación do alumnado é o que debería regular esa cuestión e engade que, unha vez aprobados os novos Estatutos, dende a Vicerreitoría de Alumnado convocarase aos representantes do alumnado para debater entorno ao novo Regulamento de avaliación, que será onde se recollan esas consideracións.

Confirma o reitor que xa se está na fase final do primeiro borrador dos novos estatutos e se está avanzando no Regulamento do estudantado, e que darase traslado á Vicerreitoría de Estudantes para que considere estas suxestións e emita recomendacións baseándose na normativa anterior.

Respecto da terceira cuestión formulada, o reitor cédelle a palabra ao xerente quen manifesta que a solución que se aplica actualmente, foi tomada despois de tratar este tema cos diversos servizos, considerando que é a máis acaída. Explica que neste curso axustáronse os seis pagos da matrícula, polo que o último pago pódese facer a principios do mes de marzo. O xerente di que os servizos consultados aconsellan que, ante a dúbida de non ter a bolsa, xa que a comunicación da concesión ou non prodúcese en xaneiro, se utilice o pago fraccionado que ofrece a UVigo. Considera que esta posibilidade que se ofrece non esixe o ingreso completo da matrícula en setembro ou novembro dunha soa vez, como fan outras universidades o que supón un esforzo económico para a Universidade de Vigo. Do mesmo xeito, engade que, no caso da concesión da bolsa, o procedemento de devolución dos importes aboados é áxil e rápido para o alumnado da UVigo.

O reitor cédelle a palabra ao Sr. Xan Cebro, quen desexa facer unhas reflexións e despois unhas preguntas ao reitor. Di que durante a negociación da RPT de funcionarios lle dixeran, tanto o reitor no Consello de Goberno como o xerente nas mesas de negociación, que ningún funcionario tería que concursar, isto é, perder o campus. Realiza un breve resumo do proceso de aprobación no Consello de Goberno da RPT-F, incluíndo mención ao recurso de reposición á aprobación en xullo da primeira RPT do persoal laboral, presentado polo Comité de Empresa de Pontevedra, e

que se emendou para despois aprobar en outubro; manifesta que os representantes sindicais consideran unha ilegalidade a aprobación da RPT do PAS funcionario.

A continuación, explica que o recurso da Xunta de Persoal está baseado en cinco aspectos, un deles baseado nun defecto de forma, distinto ao que se presentara contra a RPT-F do 2006, a cal lembra que foi anulada. Considera que vaise crear unha situación moi difícil, xa que a RPT será votada para atrás no xulgado polo incumprimento dun artigo dos Estatutos, que el engadira para estas situacións. Explica que a CIG está segura de gañar o contencioso, e que se presentou de xeito individual non como Xunta de Persoal por mor das próximas eleccións a membros da Xunta de Persoal do ano 2018, xa que podería ser que a CIG non acadara a maioría e os gañadores retiraran o recurso.

O Sr. Cebro diríxese ao reitor para indicar que asinou unha resolución reitoral cuns criterios de aplicación da RPT que non se xustifican en argumentos xurídicos e solicita do xerente ditos argumentos xurídicos xa que insiste en que non teñen base legal, engadindo que a única norma que marca criterios para a reasignación de efectivos é o EBEP, no que se establece o criterio de conciliación familiar como prioritario.

Tamén explica que, dende o Servizo de PAS, enviáronse correos electrónicos sen asinar ao persoal sen reasignación de posto, para que elixiran posto cun prazo ata o 5 de xaneiro, parécelle un procedemento inaceptable e solicita unha argumentación que o xustifique. Fai mención á aprobación da nova Lei de procedemento administrativo: comenta que na UVigo non se avanzou respecto á validez das comunicacións por correo electrónico e conclúe que se executou a RPT-F sen base legal.

A continuación o Sr. Cebro explica o caso concreto dunha funcionaria de Ourense con dous fillos, posto base de apoio campus segundo a RPT dende o ano 2000. Di que con esta RPT, pásase de 6 postos bases de apoio ao campus, 4 deles da área académica, a 3. Esta funcionaria é adscrita provisoriamente ao Campus de Pontevedra, cando tiña adscrición definitiva; e agora ten que concursar obrigatoriamente a todo Pontevedra e todo Vigo, a 300 postos. Continúa comentando que se adscriben provisoriamente 12 postos en Ourense e explica que, ao cambiar de área de adscrición os postos, da área 2 á área 5, os funcionarios de Ourense como a que menciona, teñen menos puntos na valoración para o concurso ao que se engade que non teñen puntuación por conciliación familiar, polo que teñen menos posibilidades de quedarse en Ourense que un de Vigo. Como consecuencia, engade, segundo a base 7ª da convocatoria, se un funcionario de Ourense non acada unha praza definitiva nese Campus, se lle adscribirá a unha vacante, todas en Vigo. Pon outro exemplo dunha funcionaria con fillos que traballando en Pontevedra, vai ter que desprazarse ao Campus de Vigo.

Para finalizar, o Sr. Cebro reitera as súas dúbidas sobre a validez das notificacións dos recursos por correo electrónico, e solicita do Equipo de Goberno que reflexione, aínda que xa é tarde, e sinala que a única condición que puxeron nas “supostas negociacións” era que ningunha persoa estivera na obriga de concursar. Tras estas palabras, abandona a sala.

O reitor manifesta que se están mesturando moitas cuestións; unha cousa é a execución da RPT e outra as consecuencias da súa execución e a preservación dos dereitos individuais. A continuación, cédelle a palabra ao xerente para que responda sobre os fundamentos xurídicos e manifesta, tamén, a súa intención de facer aclaracións sobre este tema para tratar de ser o máis obxectivos posibles.

O xerente explica que é inexacto o que o Sr. Cebro di, e informa que o Sr. Cebro presentou, ademais doutros compañeiros, unha longa reclamación na vía administrativa, aparte da que se está a seguir no xulgado, na que se poñían de manifesto todos os puntos que presentou diante deste Consello de Goberno, á que se lle deu resposta formal, detallada e fundamentada xuridicamente. Manifesta que se está a seguir o procedemento administrativo máis acaído posible e que, como xa se ten posto de manifesto, estamos abertos a introducir todos os cambios que sexan necesarios para garantir a seguridade xurídica da Universidade e do PAS funcionario afectado.

Manifesta o xerente que só 30 persoas se encontran na situación de ter a obriga de concursar, pero que prevé que o número de persoas que concursen será moito maior, dadas as posibilidades de promoción e o tempo que leva se ter lugar un concurso de méritos entre o PAS Funcionario (dende o ano 2008, cando o normal e que se levara a cabo cada dous anos). Tamén indica que no caso de Pontevedra hai espazos para que se incorporen aos novos postos todos os funcionarios, nese senso se esta traballando dende o Vicerreitorado, as Direccións e Decanatos do Centros e dende a Administración. Informa que ata que se avance no concurso, non se pode anticipar que vai suceder, entran en xogo moitas variables e é imposible dar por certo o que esta a dicir o Sr. Cebro. Insiste en que xuridicamente se está a actuar coas máximas garantías, para dar cobertura tanto ao persoal como á propia Universidade.

O reitor, en primeiro lugar, ai unha reflexión sobre a seguridade xurídica, e aclara que cando asina unha resolución reitoral o fai confiando nos servizos administrativos e xurídicos da Universidade, seguro de que ofrecen as máximas garantías e que non se debe descualificar o traballo do persoal da Universidade, ao final PAS Funcionarios tamén, con certos comentarios. Destaca que en ocasións se denuncia por un defecto de forma nos xulgados tal vez para non entrar a discutir o fondo do asunto, polo que procedementos administrativos xustos en ocasións se anulan por defecto de forma.

En segundo lugar, subliña o dereito do persoal a concursar e a promocionar e mellorar o seu nivel, como lle acontece a aproximadamente trescentos traballadores. Manifesta que a súa preocupación polo feito de que como consecuencia do proceso alguén teña que cambiar de campus obrigatoriamente, polo que se poden crear mecanismos que protexan os dereitos individuais do persoal que agora está traballando nos campus de Pontevedra e en especial Ourense, así como os dereitos dos que queren concursar a esas prazas. Esa é a mensaxe que trasladou ao equipo de xerencia, e solicita que non se xeren preocupacións innecesarias porque non se pode anticipar o resultado do concurso.

Toma a palabra o Sr. Luis Pérez, quen como representante do PAS-L e membro do Consello do Campus de Ourense lembra que, segundo consta na acta de xaneiro-2016 do Consello de Campus de Ourense, mentres el tivera ditas condicións representativas, ningunha persoa laboral ou funcionaria fixas do Campus de Ourense tería que trasladarse a outro campus involuntariamente. E expresa que o reitor manifestara a súa coincidencia con esa idea. Engade que cree que as persoas deben ter esa garantía, xa que permite ao persoal participar libremente nun concurso: tendo toda a información. Manifesta que cando lle preguntan sobre este tema el asegura que ninguén que participe nun concurso vai perder o campus de xeito involuntario, sen fundamentos xurídicos pero con confianza, aínda que non se reflexe esa filosofía nas bases do concurso de méritos. Finalmente, afirma que non vai aceptar que as condicións de traballo do PDI e do PAS sexan diferentes.

O xerente puntualiza que non se deben mesturar os termos e as condicións do persoal, lembra que hai persoal fixo no Campus de Ourense en comisión de servizos, que a súa praza pertence a Vigo, gañada a través do respectivo concurso. O Sr. Luis Pérez aclara que se refería a persoal fixo con contrato fixo en Ourense, non en comisión de servizos. O xerente lembra que tamén hai persoal que é de Ourense que está traballando en Vigo e que ten que viaxar todos os días, e que eles tamén teñen dereito a concursar ás prazas vacantes de Ourense, agora ocupadas por persoal en comisión de servizo, non se lles pode negar, como leva acontecendo dende hai nove anos.

O Sr. Luis Pérez resume que hai anos o persoal tomou a decisión de concursar ou non, segundo os seus intereses estratéxicos, persoas e individuais e defende que esas persoas conserven os seus dereitos adquiridos segundo aquelas decisións que tomaron. Solicita novamente que se explicita esta idea, para que as persoas teñan a información concreta e coñezan que se non concursan ao Campus de Vigo non perderán o campus onde teñan a súa praza fixa.

Conclúe o debate o reitor pedindo que se espere á resolución do concurso de méritos do PAS Funcionario para valorar correctamente as vantaxes e inconvenientes do proceso que se está a seguir.

O reitor cédelle a palabra a dona Bettiana Hidalgo, quen fai un rogo para que se lle dea traslado ao alumnado da E.E.Industrial, dende a Secretaría Xeral, da información de que poden obter a titulación de enxeñaría sen a necesidade de ter a titulación do coñecemento do inglés. A secretaria xeral asume o rogo e engade que se verificará que non apareza na páxina web dita esixencia para non confundir ao estudiantado.

Intervén o profesor Antonio Collazo, quen manifesta que existen dúbidas razoables respecto á legalidade do proceso de execución da RPT-F, concretamente respecto ao procedemento de comunicación aos interesados para que elixiran os postos correspondentes, que se realizou por medio dun correo electrónico sen asinar. Esta actuación, continúa, non cumpre a lei de procedemento administrativo e non existe constatación do recibimento da notificación, para posteriormente asignarlle ao interesado un posto de traballo definitivo. Invita a que se abra un proceso de reflexión e que se expliquen os fundamentos de dereito que permiten este tipo de procedemento.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación, quen manifesta que, independentemente de que haxa procedementos cuxa forma poida ser cuestionada polos supostos afectados, o que estase a dilucidar no xulgado do contencioso, considera que a RPT está aprobada e suficientemente debatida e discutida, polo que non hai ningunha posibilidade dun período de reflexión que supoña a volta ao punto de saída. Aclara o profesor Antonio Collazo que o seu comentario refírese ao proceso de execución da RPT, non á aprobación da mesma.

Toma a palabra o xerente e aclara que unha vez aprobada a RPT polo Consello de Goberno a Xerencia encárgase de executar unha serie de procedementos compartidos cos servizos administrativos da Universidade, un dos cales foi o envío dos correos electrónicos ao persoal afectado nos que se lles ofrecían diferentes opcións. Engade que a maioría dos interesados respondeu a ditos correos, sendo poucos os que non o fixeron, considera o xerente que de forma consciente. Por todo, estima que o persoal estaba informado e tiña coñecemento do procedemento de elección. Como resultado diso, o reitor asinou unha resolución de proposta provisional de destinos e a continuación publicouse no DOG outra resolución reitoral convocando o concurso de méritos para o PAS Funcionario. Finaliza subliñando que dos 380 PAS Funcionario do cadro de persoal, sexan interinos ou de carreira, só reclamaron 80 e a todos

eles se lles deu resposta personalizada e detallada, en tempo e forma, atendendo a cada un dos seu argumentos e entrando no fondo do asunto a través dunha extensa resposta. Non cre procedente ler neste foro o contido de cada unha das respostas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:10 h do día 20 de marzo de 2017, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris